

BLOQUE I. (S.XVI-XVII)

TEMA 3. A CRISE SOCIO-ECONÓMICA DO SÉCULO XVII

(a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real).

Conceptos relacionados: UNIÓN DE ARMAS - MOURISCOS – VALIDO.

Nesta pregunta o alumnado debería explicar as razóns da crise demográfica e económica, facendo fincapé no papel das epidemias e das crises de subsistencia, no declive da produción agraria e manufactureira, na redución das chegadas de metais preciosos de América e na crise da Facenda real. Tamén deberá dar conta dos efectos da mesma, en particular do incremento da presión señorial e as propostas dos **arbitristas**, así como dos diversos ritmos da recuperación peninsular na segunda metade do século XVII. Polo referido as reformas de **Olivares** e a crise da monarquía, deberá sinalar fundamentalmente o proxecto da Unión de Armas, os seus resultados e efectos. Entre eles deberá dedicar especial atención ás revoltas de Cataluña (motivacións, intervención francesa e resultado) e Portugal (razóns da rebelión do duque de Braganza, estalido da guerra e independencia de Portugal).

No s. **XVII** reinarán tres monarcas da Casa dos Austria: **Felipe III, Felipe IV e Carlos II**. Fronte a expansión territorial e, polo tanto, económica do século anterior, no s. XVII teremos unha contracción e recesión económica que xa comezou a finais do reinado de **Felipe II**. Será a Coroa de Castela quen máis sufra esta crise, sendo en maior medida o sostén da Monarquía hispánica.

A diferenza do goberno persoal e absoluto de **Carlos I e Felipe II**, o goberno dos últimos Austrias caracterizouse pola figura do **VALIDO**, persoa de confianza do rei en quen delegaba a maior parte da acción de goberno.

- CRISE DEMOGRÁFICA:

A finais do s. XVI, pero sobre todo no s. XVII, tivo lugar unha gran **crise demográfica**, onde a mortalidade alcanzou altas cifras facendo que o crecemento demográfico se estancase ou que incluso decrecese, con frecuentes **crises de mortalidade catastrófica**. As causas son diversas:

- Unha serie de **malas colleitas**, que dan lugar unha serie de crises de subsistencia.
- As vagas de epidemias de **peste negra** que afectaron á Península en distintos momentos (1597, 1647, 1676).
- As guerras en Europa (**Guerra dos Trinta anos**)
- A **emigración a América**, cada vez máis numerosa.
- A **expulsión dos mouriscos**, decretada en **1609** durante o reinado de **Felipe III**, contribuíu ao descenso da poboación, sobre todo, neste caso, na **Coroa de Aragón** onde eran unha parte importante da poboación.

- CRISE ECONÓMICA:

En xeral, España non saberá aproveitar debidamente os recursos que viñan de América.

Os beneficios obtidos alí non se empregaron en actividades produtivas, como a industria artesanal ou na modernización da agricultura, senón que se empregou na compra de máis terras ou en obxectos de luxo.

As malas colleitas provocarán unha **crise agraria**, provocando unha paralización da produción e, polo tanto, unha **crise artesanal**, ante a falta de materias primas (principalmente na industria téxtil).

A chegada de enormes cantidades de metais preciosos de América do século pasado chega ao seu fin, e a **importación de metais preciosos descende** de maneira notable, debido ao esgotamento das minas en América, o que provocará unha **suba de prezos**.

Cara mediados de século, sobre todo na **Coroa de Aragón**, a economía comenzará a remontar grazas á chegada de **novos cultivos provintes de América (millo e pataca)**.

OS PROBLEMAS DA FACENDA REAL:

No século **XVII** a Coroa ve descender os seus ingresos por mor de diversas causas (inxentes gastos das múltiples guerras, crise económica xeral), levando á **Facenda Real** a numerosas **bancarrotas**:

Por este motivo, a Coroa levará a cabo unha serie de medidas para aumentar os seus ingresos, como a **suba de impostos**, perxudicando así aos sectores produtivos, e desvalorización da moeda, o que provoca un aumento da inflación e agravou as dificultades económicas.

REINADO DE FELIPE IV E VALIMENTO DE CONDE-DUQUE DE OLIVARES:

O acceso ao trono de **Felipe IV**, en 1621, implicou un cambio na política exterior da monarquía e o ascenso dun novo valido, o **conde-duque de Olivares**. Este pretendía a restauración da posición internacional da monarquía hispánica, polo que España participou en múltiples conflitos internacionais coa idea de manter a hexemonía do imperio español.

• PROXECTO DE REFORMA E UNIÓN DE ARMAS:

Tanta campaña bélica supoñía un gasto constante na xa tocada Facenda Real, polo que o conde-duque puxo en marcha un amplo programa de reformas internas. Estas reformas eran económicas, administrativas e militares.

As reformas administrativas e militares centráronse no proxecto da “**UNIÓN DE ARMAS**” (1625): a creación dun exército permanente de 140.000 homes sostido por todos os reinos en función da súa poboación e riqueza e non só por Castela, que se atopaba exhausta e empobrecida.

Detrás deste proxecto estaba a idea de eliminar os privilexios forais, crear unha estrutura centralizada do Estado e un reforzamento do poder absoluto do rei. Pero a súa aplicación foi imposible, tanto polas dificultades económicas como pola oposición dos distintos reinos, celosos dos seus privilexios forais.

Esta política impositiva e uniformizadora xerou protestas e alteracións nos diferentes reinos da Monarquía, destacando os de Cataluña e Portugal (**CRISE DE 1640**):

- **A REVOLTA DE CATALUÑA:**

Tamén coñecida como a “revolta dos segadores”. As reformas do **conde-duque** víanse con desconfianza nesta zona, por medo a perder os seus privilexios forais. A revolta viuse precipitada polo envío de tropas reais á zona para combater ás tropas francesas que invadirán o **Rosellón**. As tensións entre as tropas e a poboación fan en aumento, propiciando o estalido dunha revolta campesiña. O 7 de xuño de 1640 produciuse en Barcelona o denominado “Corpus de Sangue”, no que o vicerrei e varios funcionarios foron asasinados.

Olivares enviou reforzos e quixo aproveitar a situación para modificar os privilexios forais. Cataluña pide axuda a Francia, converténdose Cataluña nunha república independente baixo a protección francesa en 1641, proclamándose ao rei de Francia, **Luis XIII**, conde de Barcelona. Esta situación mantívose ata a rendición de Barcelona ás tropas reais en 1652, unha vez **Felipe IV** prometeu respectar os privilexios forais de Cataluña.

- **A INDEPENDENCIA DE PORTUGAL:**

O descontento portugués foi en aumento ante a política de castelanización de **Olivares**, a obrigada participación de soldados portugueses no confito de Cataluña e a perda de parte do seu imperio colonial ante os ataques dos holandeses. Aproveitando a escaseza de tropas pola multiplicidade de fronteiras nas que combatía **Felipe IV**, una conspiración nobiliaria conseguiu facerse co poder e proclamar ao **duque de Braganza**, rei de Portugal co nome de Juan IV en 1640.

España intentou en varias ocasións reconquistar o territorio, e finalmente recoñeceu a independencia de Portugal en **1668**.

Despois da denominada “crise de 1640” o conde-duque foi destituído do seu cargo e substituído por **Luis de Haro**. Co fin da **Guerra dos Trinta Anos** na **Paz de Westfalia** (1648) púxose fin á hexemonía da monarquía española en Europa a favor da francesa.